

SUBVENCIÓN DO BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

1. Poderase conceder para a mellora da competitividade da actividade empresarial das persoas beneficiarias, mediante pagamento anticipado, unha subvención dun 80 % da actividade por subvencionar cun límite máximo de 3.000 euros de axuda, sendo o resto do gasto por conta da persoa beneficiaria.

2. Esta axuda terá dúas liñas de actuación:

Liña 1 mellora da competitividade a través dos seguintes servizos:

- Investigación de mercado.
- Plan de márketing.
- Plan de comunicación do negocio.
- Plan estratéxico do negocio.
- Plan de crecemento: constitución da sociedade.
- Plan de reorientación do negocio.
- Plan de uso das novas tecnoloxías no negocio.
- Plan de refinanciamento.

Liña 2 mellora da competitividade a través dos seguintes investimentos:

- Compra de maquinaria.
- Compra de útiles e ferramentas.
- Reforma do local do negocio.
- Equipamentos informáticos.
- Rótulos.
- Aplicacións informáticas e páxinas web.
- Creación de logotipo do negocio.
- Mobiliario.

Na solicitude de axudas, as liñas 1 e 2 non son excluíntes nin entre elas nin entre os distintos servizos e investimentos que as configuran. No caso de solicitar axudas da liña 1 e da liña 2, atenderase en primeiro lugar a liña 1 e despois a liña 2, co límite máximo de 3.000 euros de axuda polo conxunto de actividades subvencionables.

No caso de reforma do local do negocio exclúese da axuda o domicilio habitual da persoa traballadora autónoma, excepto no caso en que quede acreditado que é imprescindible para o desenvolvemento da actividade do negocio.

3. Serán subvencionables os gastos realizados desde o día seguinte ao da publicación desta orde e durante o período subvencionable, efectivamente xustificadas, mediante facturas e documentos bancarios, con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión ou, en todo caso, ata o 31 de decembro do exercicio en curso.

Non se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos, como é o caso do IVE, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

4. Os investimentos deben ser contratados con provedores que se dediquen a actividade obxecto da subvención.

PERSOAS BENEFICIARIAS:

1. As persoas traballadoras autónomas que estean de alta no réxime especial de autónomos ou en mutualidade de colexio profesional, que teñan domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha antigüidade na realización dunha actividade empresarial de maneira ininterrompida na data da solicitude por un prazo superior a 42 meses e que teñan un rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declarados na declaración do IRPF anual inferior a 30.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, declarados no ano anterior ao da convocatoria.

2. As sociedades de calquera clase e comunidades de bens con domicilio fiscal en Galicia e que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ter unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade na realización efectiva dunha actividade empresarial ou profesional de maneira ininterrompida na data da solicitude da axuda por un prazo superior a 42 meses.

b) Ter a empresa unha facturación mínima anual de 12.000 euros, IVE incluído, na última declaración realizada.

c) Ter a empresa unha base imponible no imposto de sociedades da última declaración realizada inferior a 30.000 euros. No caso de entidades que tributen en réxime de atribución de rendas, este importe de 30.000 euros referirase ao rendemento neto reducido dos rendementos de actividades económicas declaradas no IRPF.

3. Quedan excluídos desta orde:

a) Os familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea.

b) As persoas que cobrasen a axuda do bono das persoas autónomas nalgunha das dúas anteriores convocatorias.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Ata o **02/08/2019**
- As solicitudes deberanse presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

MÁIS INFORMACIÓN:

- D.O.G do 2 de xullo: https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2019/20190702/AnuncioG0424-210619-0010_gl.html

- **SERVIZO DE EMPREGO AUTÓNOMO**

San Lázaro, s/n

15781 Santiago de Compostela (Coruña, A)

Teléfono: 981545625 / 981957729

Fax: 981544678

Email: autonomos.emprego@xunta.gal